

## PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 17 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais (DOG núm.28, de 10 de febreiro de 2022).

### PROPÓN:

**Primeiro.** Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes, incluíndo aquelas solicitudes que non acadaron a puntuación mínima establecida no artigo 14 da Orde, por non acadar unha puntuación igual ou superior a 23 puntos.

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, que se divide en dous apartados:

- a) Solicitudes que acadan a puntuación mínima para obter subvención ordenadas por número de expediente, e que comenza polo concello de Catoira e remata co concello de Bóveda.
- b) Solicitudes que non acadan a puntuación mínima para obter subvención ordenadas por número de expediente, e que comenza polo concello de O Vicedo e remata co concello de Redondela.

**Segundo.** Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 2 da orde, así como aquelas solicitudes non presentadas en tempo e forma, consonte o establecido nos artigos 7 e 8 da orde de convocatoria (Anexo II)

**Terceiro.** Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web [www.cultura.gal](http://www.cultura.gal).

**Cuarto.** Segundo o establecido na Orde de convocatoria, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a



presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Dirección Xeral de Cultura no lugar e forma indicados no artigo 15.5 da Orde de convocatoria.

En todo caso, as entidades locais que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Cultura, a través do seguinte enderezo: [direccion.xeral.cultura@xunta.gal](mailto:direccion.xeral.cultura@xunta.gal) no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

Santiago de Compostela

O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

